<p>Conservación e vida útil das materias e os produtos. Materias de pel e coiro segundo o estado de transformación: en bruto, piquelada, curtida, acabada, en peza confeccionada, en artigo, etc.</p> <p>OSimboloxía de manipulación e transporte de produtos.</p> <p>Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.</p> <p>Condições óptimas de permanencia e conservación: humidade, temperatura e luz.</p> <p>Criterios de almacenaxe.</p> <p>Presentación comercial das materias: peles e coiros.</p> <p>Documentación básica de almacén: pedido, albará, factura, fichas, etc.</p> <p>Etiquetaxe das materias: peles e coiros.</p> <p>Normativa sobre a etiquetaxe: obrigatoria, de composición, de conservación, de envasamento e de comercialización.</p> <p>Riscos laborais e normativa de seguridade.</p>

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Almacenamento das peles e coiros. - Condições físicas e ambientais para unha boa conservación de peles e coiros á hora do seu almacenaxe, manipulación e uso.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as condicións ambientais e físicas precisas para unha boa conservación de peles e coiros. Condições necesarias de almacenaxe para os mesmos. Explicar os riscos laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da unidade. Explicación da actividade acompañada da documentación correspondente. Indicación das fontes. Comprobación do material. Lectura e comprensión, como o estudo e traballo da información relativa a esta actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Mapa conceptual ou esquema de estudo realizado polo alumnado. Proba escrita Coñecemento sobre unha boa almacenaxe de peles e coiros Traballo sobre un almacén de peles e coiros e as súas condicións de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula transversal e laboratorio, proxelector. Internet Información soporte dixital Videos que axuden à comprensión dos contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - BC. 2 CURRICULUM PE.2 - BC. 2 CURRICULUM PE.3 - BC. 2 CURRICULUM PE.4 - BC. 2 CURRICULUM 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		<ul style="list-style-type: none"> Esquemas sobre a materia de estudo Traballo sobre o deseño dun almacén de peles e coiros e artigos dos mesmos atendendo ás necesidades do que alí se almacena e ás condicións de seguridade para os traballadores. 		<ul style="list-style-type: none"> Libros da biblioteca e fontes facilitadas pola profesora 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - BC. 2 CURRICULUM PE.6 - BC. 2 CURRICULUM PE.7 - BC. 2 CURRICULUM 	
Conservación das peles e coiros.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da unidade. Explicación da actividade acompañada da documentación correspondente. Indicación das fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobación do material. Lectura e comprensión, como o estudo e traballo da información relativa a esta actividade. Realizar un traballo sobre un asesoramento do cudadado de artigos peles e coiros para un consumidor final. 	<ul style="list-style-type: none"> Mapa conceptual ou esquema de estudo realizado polo alumnado. Traballo sobre un asesoramento do cudadado de artigos peles e coiros para un consumidor final. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula transversal e laboratorio, proxector. Vídeos que axuden à comprensión dos contidos da unidade. Bibliografía e material aportado pola docente sobre a unidade didáctica. Internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - BC. 2 CURRICULUM PE.3 - BC. 2 CURRICULUM 	4,0
TOTAL						7,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MINIMOS EXIXIBLES PARA ESTE MÓDULO:

Os mínimos para acadar a avaliación positiva do presente módulo, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado, cun grado de participación activa nas probas teóricas e/ou os traballos a desenvolver ao longo do presente curso académico.

Estes mínimos serán a referencia e guía para configurar o procedemento de avaliación ordinaria do módulo, as probas de recuperación das partes no superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado, con perda do alumnado da avaliación continua.

A continuación enuméranse os mínimos esixibles para acadar o aprobado do presente módulo reflexados no apartado 4.c por cada unidade didáctica da presente programación:

MINIMOS EXIXIBLES PARA MP0276_12 MATERIAS TEXTILES. : UNIDADE FORMATIVA 1

UD1 FIBRAS TÉXTILES CA1.1 Descríbóronse as características e as propiedades das materias e dos produtos téxtiles.

CA1.2 Clasificáronse as materias téxtiles segundo a súa natureza.

CA1.3 Medíronse os parámetros que determinan as propiedades das materias e dos produtos, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.

CA1.4 Descríbóronse os procedementos establecidos para a identificación de materias e produtos téxtiles.

CA1.8 Descríbóronse os usos e as aplicacións das materias téxtiles.

CA2.1 Identificouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles por medio de ensaios físicos e químicos.

CA2.3 Determináronse as propiedades das materias e dos produtos téxtiles nunha mostra expresadas nas unidades adecuadas

CA5.1 Relacionouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

CA5.3 Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as materias e os produtos téxtiles.

CA5.5 Utilizouse a simboloxía de conservación e instrucións de uso das materias e dos produtos téxtiles.

CA5.6 Identificáronse o tipo de materia e os produtos téxtiles a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.

UD2 FÍOS CA1.8 Descríbóronse os usos e as aplicacións das materias téxtiles.

CA2.2 - Analizáronse as características estruturais e de comportamento das materias e dos produtos téxtiles.

CA5.1 Relacionouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

CA5.2 Identificáronse os tipos de materias e produtos na súa embalaxe ou na súa presentación comercial.

CA5.3 - Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as materias e os produtos téxtiles.

UD3 ETIQUETAXE

CA1.7 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.

CA5.5 Utilizouse a simboloxía de conservación e instrucións de uso das materias e dos produtos téxtiles.

CA5.6 Identificáronse o tipo de materia e os produtos téxtiles a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.

UD4 TECIDOS CA1.3 Medíronse os parámetros que determinan as propiedades das materias e dos produtos, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.

CA1.5 Identificáronse os criterios para a selección das materias segundo o produto que se pretenda fabricar.

CA1.6 Descríbóronse os defectos máis usuais nas materias téxtiles.

CA1.9 Identificáronse os procesos produtivos utilizados para a fabricación dos produtos e os materiais téxtiles.

CA2.2 Analizáronse as características estruturais e de comportamento das materias e dos produtos téxtiles.

CA2.3 Determináronse as propiedades das materias e dos produtos téxtiles nunha mostra expresadas nas unidades adecuadas.

CA4.3 Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.

CA4.4. Definíronse as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.

UD5 ENNOBLECIMIENTO TEXTIL CA3.1 Determináronse os procedementos de aprestos e acabamentos, e indicáronse as materias empregadas e as características que lles confiren ás materias e aos produtos téxtiles.

CA3.2 Determináronse os criterios que cumpra aplicar para a selección dos aprestos e os acabamentos que deban ter as materias téxtiles en relación ás características desexadas.

CA3.3 Deducíronse nas materias e nos produtos téxtiles os tratamentos aos que se someteron e as características para os conseguir.

CA3.4 Relacionáronse as propiedades e as prestacións que lle confiren os procesos de acabado a un produto téxtil.

MINIMOS EXIXIBLES PARA MP0276_12 MATERIAS TEXTILES. : UNIDADE FORMATIVA 2

UD6 PELES E COIROS CA1.1 Describiuse o proceso de curtido de peles e coiros, e sinaláronse os produtos de entrada e saída.

CA1.3 Relacionáronse as propiedades das peles e os coiros cos procesos de fabricación ou os tratamentos que os orixinaran.

CA1.4 Distinguíronse os tipos de peles e a súa relación coas características dos artigos que se pretenda fabricar.

CA1.7 Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles, debido á súa natureza e ao seu proceso de transformación.

UD7 CONSERVACIÓN E ALMACENAXE CA2.1 Relacionouse a natureza das peles e os coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

CA2.3 Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as peles e os coiros.

CA2.5 Utilizouse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso das peles e os coiros.

CA2.6 Identificouse o tipo de peles e coiros a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.

Para acadar o aprobado os alumnos e alumnas deberán demostrar ter coñecementos sobre:

- Características e as propiedades das materias téxtiles.
- Tipos de fibras e de fíos e os seus usos.
- Métodos de obtención de fíos
- Simboloxía de conservación e as instrucións de uso de materias, produtos téxtiles, peles e coiros
- Usos e aplicacións dos chamados textiles técnicos e tecidos intelixentes. nas distintas áreas nas que interveñen.
- Peles e coiros segundo a súa natureza , os procesos de curtiduría e os seus posibles acabamentos
- Distintos tipos de tecidos atendendo ao modo de elaboración.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Realizarase unha única proba escrita por avaliación, salvo que a docente decida dividir a materia de certas unidades polo grao de dificultade que poida apreciar atendendo ás características do grupo.

O alumnado deberá superar polo menos o 50% dos criterios considerados mínimos exixibles de cada unha das unidades didácticas para poder acadar unha avaliación parcial positiva. Se algunha das probas non



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

acada os mínimos exixibles e isto repercute nunha media negativa do módulo , terá que ser recuperada na última avaliación , nunha data sempre consensuada co alumnado afectado e antes da publicación das notas da última avaliación .

As notas das partes superadas, gardaranse durante todo o curso ata que se fagan as probas das partes non superadas e se valore a través das medias se o módulo está ou non superado.

A proba escrita poderá incluír preguntas sobre a teoría impartida, conceptos aprendidos en actividades dentro e fora da aula e exercicios ou traballos realizados para completar a unidade. Polo tanto, o alumnado terá que ir acompañado á proba de tódolos exercicios e traballos realizados durante o trimestre xa que nela, poderían facerse preguntas sobre os seus traballos ou a execución de algún exercicio tipo .

No caso de que as probas teóricas sexan tipo test ou teñan partes delas tipo test, a resposta incorrecta será penalizada coa puntuación en negativo da metade dunha resposta correcta.

No caso de que os exercicios ou traballos formen parte da proba escrita, o alumnado ha de acadar un mínimo do 50% do que se pide na parte de exercicios para superar a avaliación.

A realización dos traballos e exercicios propostos é requisito indispensable para acadar unha avaliación positiva, independentemente da nota obtida na proba escrita, xa que propóñense para afianzar os coñecementos e afondar ou ampliar a materia. A non realización ou a presentación nun formato ou vías non solicitadas, implicará a consideración dos traballos como non aptos, polo que terán que repetirse para revertir a nota. Dado que a superación dos traballos ten o obxecto de determinar se o módulo pode darse por aprobado ou non, a nota máxima a acadar nestes traballos e de apto ou non apto, sendo á hora da proba escrita cando se fagan preguntas sobre os traballos ou se manden realizar exercicios das mesmas características que as dos realizados durante o curso e o momento de sumar puntos polos mesmos para a nota da avaliación.

O alumnado que, por mor das súas faltas de asistencia chegue a PD (perda do dereito á avaliación) ,xa non terá dereito a facer as probas ordinarias e terá que ir a unha proba final con toda a materia , como se especifica no apartado 6b.

Para un aproveitamento das clases, prégase a atención e a participación nas actividades propostas, constancia no traballo do día a día, rendemento nas clases de traballo con ordenadores e bibliografía , respecto por todos os membros do grupo , o profesorado e o centro e a non alteración do orde nas aulas.

Unha vez realizada a proba escrita de avaliación, a nota resultante obterase aplicando os seguintes criterios de cualificación:

- Proba escrita para valorar os coñecementos adquiridos e baseada nos considerados como mínimos exixibles indicados en cada criterio de avaliación: 90%,

- Lista de cotexo sobre os traballos realizados, que son tamén considerados probas escritas nas que non se pide a memorística: 10% basearase nos exercicios ou traballos realizados sobre as unidades didácticas e mencionados nas probas escritas.

A cualificación dos resultados descrita aplicarase a cada trimestre, excepto na última avaliación previa ás nota finais. Nesta última avaliación e na avaliación final obterase a nota facendo a media ponderada das notas obtidas en cada unidade didáctica ó longo do curso, obtindo a superación do módulo no caso de que dita media acade un mínimo do 50% dos criterios considerados mínimos exixibles .

A puntuación con decimais redondearase ao número máis próximo, e no caso de que o dixitodecimal sexa 5 o redondeo farase ao número enteiro superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO DE 1º QUE SUSPENDA ALGUNHA AVALIACIÓN PARCIAL OU A ULTIMA AVALIACIÓN , PREVIA Á AVALIACION FINAL . (só para os primeiros cursos de ordinario)

Antes da avaliación terceira , haberá unha proba extraordinaria para o alumnado que teña que recuperar as partes non superadas durante o curso .

En caso, de que o alumnado non supere dita proba extraordinaria e polo tanto non acade o aprobado na terceira avaliación , entregaráselle un informe individualizado (MD.75.AVA.01) do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01) realizado pola docente no que se especificará a data de recuperación, os resultados de aprendizaxe a recuperar e as actividades a realizar durante o periodo de recuperación de xuño.

- Dito periodo de recuperación será no horario previsto pola dirección e non serán de clases maxistráis , senon de resolución de dúbidas e de tarefas de reforzo.

- Respectarase as partes superadas pola persoa nas distintas avaliacións , polo que non terá que repetir a proba escrita das unidades didácticas superadas.

- Farase unha proba escrita na que se inclúa cada parte de avaliación non superada.

- Despóis de facer a media desta última proba coas probas superadas durante o curso e será necesario acadar un mínimo do 50% dos considerados mínimos esixibles para superar o módulo. Non se esixe unha nota mínima para facer medias , pero sí que os traballos solicitados estén realizados para acadar un resultado positivo.

Os criterios de cualificación rexiranse polos especificados no apartado cinco.

Criterios de cualificación

- Proba escrita para valorar os coñecementos adquiridos e baseada nos considerados como mínimos esixibles indicados en cada criterio de avaliación: 90%,

- Lista de cotexo sobre os traballos realizados, que son tamén considerados probas escritas nas que non se pide a memorística: 10% basearase nos exercicios ou traballos realizados sobre as unidades didácticas e mencionados nas probas escritas.

- A nota será a media ponderada de todas as unidades didácticas

A puntuación con decimais redondearase ao número máis próximo, e no caso de que o dixitodecimal sexa 5 o redondeo farase ao número enteiro superior.

RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO DE 1º QUE SUSPENDA A AVALIACION FINAL .

Para este caso, entregarase o alumnado un informe individualizado (MD.75.AVA.01) do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01) realizado pola docente como guía para a recuperación que será feita no seguinte curso académico.

no que se especificará o ano académico de recuperación, os resultados de aprendizaxe a recuperar e as actividades a realizar .

O alumnado con algún módulo académico non superado, poderá pasar a segundo curso no caso de que a suma de tempos dos módulos a recuperar non acade ás 300 horas .En caso de que se superen as 300 horas non superadas , ha de repetirse curso.

O alumnado , que poida promocionar a segundo , non poderá asistir ás clases de recuperación por incompatibilidade horaria , pero realizará as probas de recuperación indicadas pola persoa encargada da docencia do módulo nese novo curso que empeza , tendo en conta as indicacións clave recollidas no informe individualizado do alumno.



Os criterios de cualificación rexiranse polos especificados na programación do módulo do seguinte ano académico.

RECUPERACIÓN DO MODULO PARA ALUMNADO DE SEGUNDO CON ESTE MODULO PENDENTE DE PRIMEIRO

Convocarase ao alumnado con pendentes de 1º curso, ao comenzo do curso, onde se realizará unha avaliación inicial (entrevista persoal) e tendo en conta o informe individualizado , determinarase unha proposta de actividades de recuperación , así coma opcións de datas de recuperación .

A convocatoria da proba de recuperación teórica estará publicada no taboeiro de anuncios do centro (1 mes antes da realización da proba como mínimo).

A proba realizarase sobre tódolos contidos correspondentes ó módulo e será da mesma tipoloxía cas probas ordinarias do módulo.

O alumnado deberá superar unha única proba escrita (na data establecida) na que se reflectan os contidos mínimos, dos que ten que superar un mínimo do 50% superar o módulo.

- A puntuación con décimais redondearase ao número máis próximo e no caso de que o dixitodecimal sexa 5 o redondeo farase ao número entero superior.

Criterios de cualificación:

- Proba escrita: 100%, baseada nos considerados como mínimos esixibles indicados en cada criterio de avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Dado que se trata de ensinanzas presenciais o alumnado deberá asistir regularmente ás clases . Na Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136/2011 do 15 de xullo) establececese que a perda do dereito a avaliación no módulo , acadarase cando o alumnado supere en faltas sen xustificar o 10% das horas de dito módulo.

Polo acordo do claustro non se permite un número de faltas xustificadas que excedan do 10% das horas totáis do módulo, polo que ao chegar ao 10% de faltas xustificadas todas as faltas computarán coma non xustificadas.

A non asistencia a visitas a empresas ou a actividades extraescolares computarán coma falta de asistencia.

Cun 6% de faltas sin justificar,a persoa recibirá un informe de apercibimento de perda do dereito de avaliación MD85AUL05 e cando chegue ao 10%de faltas sin xustificar, alcanzará a pérdida de avaliación que se lle comunicará co informe modelo MD85AUL06 por medio da tutoría.

A pesar de que o alumnado perda os seus dereitos os a ser avaliado normalmente , recoméndase á asistencia a clases e a participación nas actividades, incluídas as probas escritas , que a pesar de non ter valor para o expediente do alumnado e no ser puntuadas , poden ser de utilidade de aprendizaxe e repaso.

Aquela persoa que acade a perda de dereito a avaliación deberá realizar no mes de xuño , antes da avaliación final , unha proba escrita de toda a materia , na que o deberá obter unha puntuación mínima do 50% dos considerados mínimos esixibles (5 puntos sobre 10 para superar o módulo)

A nota resultante obterase aplicando os seguintes criterios de cualificación:

- Proba escrita: 100%, baseada nos considerados como mínimos esixibles indicados en cada criterio de avaliación. Nesta proba escrita , cada pregunta mal restará unha ben do mesmo valor sempre e cando a resta non sexa a causante dun suspenso.

A puntuación con decimais redondearase ao número máis próximo, e no caso de que o dixitodecimal sexa 5 o redondeo farase ao número enteiro superior.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN:

A orde de Avaliación , no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo , indicando o grao de cumprimento .

A programación pasará polas seguintes fases ó longo do curso:

- Será realizada pola docente e revisada pola xefatura ao inicio de curso .

Será sometida a seguimento ó longo do curso como mínimo mensualmente e empregando o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 atopado en www.edu.xunta.es/programacions/seguimento.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación a analizar no seguimento serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- a consecución dos resultados de aprendizaxe .
- Os instrumentos e criterios de avaliación
- Os contidos e a secuenciación
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados
- As tarefas de profesorado e alumnado

A programación non é un documento ríxido e pechado e no seu seguemento poderíanse ir facendo axustes sempre que estean xustificados e razoados. Dependendo do tipo de desviación detectada se poñerán en marcha mecanismos para o axuste como: entregas de resúmenes ao alumnado, flipped classroom, actividades de reforzo xeneralizadas ou individualizadas para mellorar os aprendizaxes e actividades de ampliación.

- Ao final do curso , entregarase unha memoria final do módulo , elaborada pola docente empregando o modelo MD.75.PRO.04.

AVALIACION DA PRACTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente é fundamental para coñecer o grao de satisfacción do alumnado e valorar se é preciso aplicar algunha medida correctora por parte da docente e en acordo coa xefatura de estudos e a tutoría do grupo.

O alumnado realizará tres tipos de enquisas , sempre preservando o anonimato para que este poida expresarse libremente:

- As enquisas propias dun CIF integrado debidas ó seu sistema de xestión da calidade. Nelas valoraranse as respostas en referencia á práctica docente e actividades complementarias con aspectos relativos a a actitude da docente, a empatía, o respecto e a puntualidade. Estas enquisas son función da tutoría.
- As enquisas de satisfacción sobre unha ACF realizada có fin de valorar a conveniencia ou non de mantela para o próximo curso. Ditas enquisas poden ser máis abertas e postas en común na aula de maneira verbal.
- As enquisas propias da docente : Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos realizados ao grupo no que se imparte a materia nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, grao de entendemento , así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Ley Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de educación, daremos resposta á atención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estamos a nos referir a alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos con altas capacidades intelectuais, así como alumnos extranxeiros incorporados ao noso sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, se revisarán os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor nun traballo consensuado có equipo docente do ciclo e o departamento de orientación. Coordinarse a elaboración e implementación do reforzo educativo máis adecuado a cada situación de grupo ou a solicitude de flexibilización se fora o caso , coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación

Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo o plan de atención á diversidade do centro e en cumprimento do Decreto 229/2011, DOG (21-12-2011) Art.8, na primeira reunión do equipo docente estableceranse as medidas ordinarias de atención á diversidade que corresponden aplicar en cada caso segundo contempla a normativa.

Tanto na avaliación inicial coma no arranque do curso, poden detectarse alumnos con posibles dificultades para o seguimento das actividades e o aprendizaxe da materia ou polo contrario , alumnos con capacidades por encima da media

Nestes casos , darase un apoio educativo personalizado, previo acordo co equipo docente , os tutores e o departamento de orientación.

En reunión docente do ciclo, evaluaranse medidas posibles a aplicar , para alumnado con dificultades de aprendizaxe que según o caso poden ser :

- Aplicación do establecido no apartado de contidos mínimos.
- Reforzo con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- Toma como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. . Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- proposta de traballos e actividades de reforzo que permitan a o alumnado con dificultades acadar os contido mínimos exisibles.
- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado con dificultades, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. . Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valoraráse o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento.
- Técnicas de traballo cooperativo .
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.

En reunión docente do ciclo, evaluaranse medidas posibles a aplicar, para alumnado con altas capacidades de aprendizaxe que según o caso poden ser :

- proposta de traballos e actividades de ampliación que permitan a o alumnado con altas capacidades manter o interese e curiosidade polo

tema.

- Proposta de bibliografía de consulta para facer ampliacións do tema.
- Deseño de tarefas de ensinanza e aprendizaxe con un nivel de dificultade superior , como fomento da súa curiosidade e a súa capacidade de traballo.
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con altas capacidades.

De non ser suficiente a aplicación de estas propostas , o equipo docente , poderá propoñer a través do departamento de Orientación , a solicitude de flexibilización modular , de modo que o alumnado nesta circunstancia poida cursar o ciclo formativo cunha temporalización ampliada distinta á establecida con carácter xeral ,fragmentado o curso por módulos .

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, tódolos contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e a o Medio Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene.

Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de conseguir persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.

Ó longo de todo o curso, favoreceranse os seguintes:

- Fomento do Plurilingüismo. Atendendo os obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente: Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.
- Orientar as actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero
- Compromiso medioambiental: tanto nas actividades cotiás coma nas aplicadas na aula , coniciando do impacto que xera o uso de cada materia e seguindo un protocolo de reciclado e selección dos residuos xerados .
- Educación para a seguridade e a saúde. Mantendo a hixiene postural na aula e seguindo os protocolos de saúde establecidos.
- Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia , incluída a súa lingua..
- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no CIFP, e favorecer un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.

- Educación para a tolerancia : a diversidade na aula recoñécese coma unha fonte de riqueza.Facilitarase a plena integración en igualde entre persoas sexa cal sexa a súa condición sexual , a súa procedencia ou o seu estado de saúde ou físico.
- Facer uso común das novas tecnoloxías, TIC.Na aula permítense o uso de tablets e portátiles fomentando a responsabilidade á hora de empregalas.Valórase internet como un medio de ampliación de coñecementos e coma unha ferramenta de internacionalización.

- Fomentar o traballo en grupo así como o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de través de diferentes actividades.A disciplina e a puntualidade serán aspectos fundamentais para que un grupo funcione.
- Fomento de respecto mútuo e bidireccional profesorado-alumnado a través do cumprimento das normas e do prometido por ambas partes.Búscase a relación de confianza profesorado-alumnado para abordar as posibles dificultades con diálogo.
- Fomento da creatividade , tanto nas actividades lectivas coma na resolución de conflitos.
- Interés polo mundo que nos rodea e polas novas que poidan ter algún impacto ou poidan verse como exemplo nos distintos temas vistosno módulo.
- Fomento do espírito emprendedor, realizando tarefas con roll-play de freelance.
- As datas a conmemorar segundo o calendario do curso , reforzaránse no módulo con diálogos e tarefas que relacionen o módulo coa defensa da infancia , xénero , discapacidade, tradicións galegas , datas históricas , etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A formación do alumnado enriquecerase con actividades complementarias (en horario escolar , obrigatorias e gratuitas) e actividades extraescolares (optativas , fóra do centro , cunha parte delas fóra do horario lectivo e non sempre gratuitas.

Retomaranse as actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación:

Como en anos anteriores, levaranse a cabo algunhas visitas a empresas téxtiles. Tanto o calendario como as empresas determinaranse ó longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos pode recibir.

Asemade, fomentarse á participación en actividades culturais ou visitas a establecementos dentro da cidade que teñan relación coa temática estudada no módulo.

Faranse tamén actividades de modo telemático, como vistas virtuais a museos , fábricas ou conferencias que teñan interés para o módulo impartido . Tamén se intentará contactar con profesionais recoñecidos que compartan as súas experiencias no sector textil para facilitar a conexión entre a temática estudada e o mundo laboral e para fomentar a motivación ao traballo e incluso ao emprendemento.

Calqueroutra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social

10. Outros apartados

10.1) Mecanismos para asegurar o seguemento continuo do curso por parte do alumnado

Seguirase o control das faltas de asistencia do alumnado tanto de maneira escrita coma no Xade , tendo estas consecuencias en termos de posibles perdas de avaliación.

- Levarase unha check list na que se reflecta para cada unha das actividades propostas a súa consecución ou non por cada un dos alumnos.
- Valoraranse os resultados académicos acadados por cada persoa.
- Ofreceranse explicacións presenciáisengadidas sobre os conceptos que menos claros teñan os alumnos con dificultades.

10.2) Metodoloxía

- Premisa: aas metodoloxías a empregar terán sempre como premisa que o alumnado é o centro de todos os obxetivos e que sempre que se cumpla cos los obxetivos mínimos, as unidades adaptaranse ás súas necesidades.
- O alumnado ha de estar implicado na súa propia formación, con actitude positiva, motivación e orientación ao logro. Traballará a autoavaliación e aprenderá a aprender. En moitas ocasións é o alumnado o que fala na aula e o centro a guía. (Flipped-classroom).
- Actitude democrática: o alumnado participa nas decisións de planificación e novas propostas.
- A organización da aula será polivalente e flexible: a disposición dos elementos que permita flexibilizar os espazos para que sexan idóneos para a actividade que se vai a desenvolver en cada caso.
- Teorías metodolóxicas : No módulo seguiranse as seguintes teorías: principio DUA(Diseño universal para o aprendizaxe) ;O modelo instruccional (despertar a predisposición por aprender).; O colectivismo (formar conexións entre as fontes de información); Aprendizaxe cooperativo (aplicando modelos como Jigsaw no que cada estudante convírtese nunha peza fundamental para superar las tarefas encomendadas ao grupo; e o constructivismo (si é necesario , crearase unha base de construción para que o alumnado poida encaixar os novos coñecementos).